

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Planeamento e Xestión do Solo

Anuncio da aprobación do cambio de uso da parcela destinada a equipamento público localizada no ámbito da API R31 - Parque de Eirís, ref. catastral 9493204NH4999S (expediente 631/2021/27)

O Pleno do Concello, na sesión que tivo lugar o 4 de marzo de 2021, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro.–Cambiar o uso da parte da parcela de titularidade municipal inserida na Área de Planeamento Incorporado API R31 “Parque de Eirís”, coa referencia catastral 9493204NH4999S, cualificada como equipamento local de continxencia de titularidade pública “EQ (Pb)”, polo de equipamento local sanitario de titularidade pública “SN(Pb)”, de conformidade co grafitado no documento “CAMBIO DE USO DA PARCELA DESTINADA A EQUIPAMIENTO PÚBLICO LOCALIZADA NO ÁMBITO DA API R31 - PARQUE DE EIRÍS CON REF. CATASTRAL: 9493204NH4999S. FEBREIRO 2021”, redactado pola Oficina técnica do Departamento de Planeamento municipal.

Segundo.–Publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.–Remitir o acordo á Consellería de Sanidade, Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia e Departamentos municipais interesados na súa tramitación, para os efectos do seu coñecemento”.

O acordo de aprobación do cambio de uso publicouse no DOG núm. 87, do 10 de maio de 2021, e foi inscrito no Rexistro de Planeamento Urbanístico o 18 de maio do 2021.

O contido íntegro do cambio de uso aprobado pódese consultar físicamente nas dependencias municipais de Urbanismo en horario das 9.00 ás 13.00 horas, previa cita que se solicitará por escrito no Rexistro Municipal ou no enderezo electrónico registroubanismo@coruna.es; na páxina web de Urbanismo do Concello <https://coruna.gal/urbanismo>, na epígrafe “planeamiento/planeamiento vixente”; ou ben, desde a mesma web, a través do visor “Desenvolvemento do Planeamento”.

Contra esta disposición administrativa de carácter xeral, pódese interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 84.1 da Lei do solo de Galicia e artigo 201.1 do regulamento que a desenvolve, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro), no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de interpoñer calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a dereito.

A Coruña, 19 de maio de 2021.

A alcaldesa, PD.

(Dispositivo terceiro, letra e) do Decreto 3847, do 27.06.2019)

O concelleiro delegado de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade

Juan Manuel Díaz Villoslada

2021/4280